

TRADUCCIÓN ADMINISTRATIVA

Xermán García Cancela
(Servicio de Traducción da Consellería
da Presidencia da Xunta de Galicia)

Algunhas consideracións previas

1. A traducción xurídico-administrativa ten hoxe en Galicia un certo auxe, aínda que ó meu ver dun xeito "desenfocado", pois prodúcese en ámbitos nos que, nunha situación de normalidade, máis que á traducción debería tenderse a unha instalación efectiva do galego como lingua habitual, independentemente de que xurdise a necesidade de facer unha versión castelá dun determinado documento (por petición dun particular ou dunha institución non autonómica...). Se unha administración (un concello, a administración autonómica, un xuígado...) pretende normalizarse, debe procurarles ós seus funcionarios unha formación correcta para que se manexen en galego, e só recorrer á traducción e ós tradutores de xeito transitorio mentres esa situación non se acaba. Non se esqueza a este respecto que os concellos, por exemplo, teñen a obriga legal de redactaren "en todo caso" en galego as actas e outros documentos de uso habitual (que pode ir acompañada ou non da traducción castelá), polo que o lóxico será esixirles a tódolos secretarios e persoas encargadas de os redactaren un dominio do galego suficiente para que de seu cumpran con tal obriga legal. E con isto non cuestionámo-la necesidade da figura do "normalizador", pero este, aínda que deba, evidentemente, prestar asesoramento lingüístico, ten uns cometidos moito máis amplos e ambiciosos.

2. A situación actual ilustra da existencia de servizos de traducción na Administración autonómica (con funcións moi vinculadas á publicación do *Diario Oficial de Galicia*), no Parlamento de Galicia (para a traducción e corrección do *Diario de Sesións* e do *Boletín do Parlamento*), nalguns concellos e deputacións (para a traducción, entre outras, das actas das respectivas corporacións), no Tribunal Superior de Xustiza de Galicia e nalgúns audiencias (para a traducción de sentencias...), nas universidades, etc. Neles, as traduc-

VICERSA 1 (1995) 155-160

155

cións que se realizan son maioritariamente entre os dous idiomas oficiais en Galicia, galego e castelán.

3. A traducción da que estamos a falar é un tipo de traducción especializada, que ten como un dos seus eixes fundamentais o mundo do dereito, aínda que con permanentes implicacións doutros campos que se valen de formas lingüísticas específicas. Fronte a isto, dúas eivas caracterizan a formación dos tradutores galegos: os xuristas parecen carecer do dominio do galego suficiente como para abordaren de seu, con suficientes garantías, un proceso de traducción ou redacción inicial en galego, mentres que a maioría de tradutores teñen unha formación exclusivamente filolóxica, co que, ó descoñecer os mecanismos con que actúa o dereito, poden incorrer con frecuencia en erros de traducción. De aí a necesaria complementación que debe darse entre uns e outros, para que o resultado final sexa o máis perfecto posible.

4. Como resultado da premisa anterior, a traducción xurídico-administrativa que se vén practicando en Galicia desde hai algúns anos ten como base máis o voluntarismo e o autodidactismo dos tradutores ca unha formación global en técnicas de traducción, que pase por un coñecemento profundo a un tempo das linguas da traducción e máis da materia que é obxecto de traducción. En consecuencia, hai que reconecer que determinados mecanismos que se foron aplicando ó longo destes anos parten máis da intuición ca dunha análise reflexiva e global sobre o modelo de traducción que cómpre aplicar.

5. Se a isto lle engadimos, por unha banda, que o tipo de linguaxe que utiliza a Administración pasa por ser bastante deficiente, e, por outra, que a lingua de destino da traducción, o galego, non ten tradición nin consolidación abonda como para achegar solucións a tódolos problemas que xorden, podemos pensar que neste terreo aínda queda bastante por percorrer.

6. Fáltannos reflexións sobre o estilo da linguaxe xurídico-administrativa, de xeito que se supere a un tempo o servilismo do modelo castelán e se consolide un estilo propio, enraizado na nosa tradición e atento á evolución dos países máis avanzados e modernos neste terreo, o mesmo que aínda falta a coordinación necesaria entre os distintos servizos de traducción para que as traduccións sexan homoxéneas. Así, no campo terminolóxico, non é en absoluto beneficioso para a consolidación dun rexistro xurídico propio que uns xuíces "decidan" mentres outros seguen a "fallar", que uns concellos aproben "orxamentos" e outros "presupostos", que se "subhasten/subasten" bens ou que se "poxen", por non citarmos tantos e tantos outros exemplos.

Con todas estas premisas que acabo de adiantar, o exemplo que incluímos a seguir, máis que como un "modelo" de traducción xurídico-administrativa, debe tomarse como unha proposta, entre as posibles, e en todo caso, como "modelo" da tendencia que aplicamos nun servizo de traducción determinado, que é o da Xunta de Galicia.

156

Texto na lingua orixinal (castelán)

Resolución de 8 de Julio de 1993 de la Delegación Provincial de Lugo, por la que se somete a información pública la solicitud de declaración de necesidad de ocupación sobre bienes y derechos afectados por la instalación eléctrica del proyecto denominado "LBT en el Barrio de Galdar, Parroquia de Saavedra, Ayuntamiento de Begonte".

En cumplimiento de lo dispuesto en los Artículos 15 y 16 del Reglamento de la Ley 10/1966, de 20 de Marzo, sobre Expropiación Forzosa y Sanciones en Materia de Instalaciones Eléctricas, aprobado por Decreto 2619/66, de 20 de Octubre, se somete a información Pública la solicitud de declaración de necesidad de ocupación, sobre los bienes y derechos afectados por la instalación eléctrica del proyecto denominado "Línea de Baja Tensión, en el Barrio de Galdar, Parroquia de Saavedra, Ayuntamiento de Begonte" formulada por la Empresa Barras Eléctricas Gallico-Asturias, S.A., con domicilio en Lugo, c/ Ciudad de Viveiro, 4, cuya declaración de utilidad pública en concreto le fue otorgada con fecha 10 de Enero de 1.993, la cual lleva implícita, en todo caso, la necesidad de ocupación de los bienes o la adquisición de los derechos afectados según lo dispone el párrafo 1 del artículo 14 del citado Reglamento, y no habiendo llegado el titular de la instalación y solicitante de la servidumbre a un acuerdo de adquisición o indemnización amistosa con todos los propietarios afectados por la misma, figura anexo en la presente Resolución la relación concreta e individualizada de los interesados con los que no ha sido posible dicho acuerdo, con descripción de los bienes y derechos que se consideran de necesaria ocupación.

A los efectos de lo dispuesto en el nº 3 del artículo 16 del Reglamento mencionado, cualquier persona, dentro de los quince días siguientes al de la última publicación de esta Resolución que tendrá lugar en el B.O. de la Provincia, Diario Oficial de Galicia y diario "El Progreso" y los interesados en igual plazo, a los que se les practica notificación individual, podrán aportar por escrito y por triplicado, los datos oportunos para subsanar posibles errores, en la relación indicada, así como formular las alegaciones procedentes por razón de lo dispuesto en los Art 25 y 26 del aludido Reglamento, a cuyo efecto estará expuesto el expediente, con el proyecto de la instalación, en esta Delegación, sita en Lugo, c/Pascual Veiga, 12-14, en horas de oficina.

En todo caso, los propietarios afectados podrán recabar a través de esta Delegación Provincial, que el peticionario les facilite los demás datos que consideren precisos para la identificación de sus bienes.

Texto traducido (para o galego)

Resolución do 8 de xullo de 1993, da Delegación Provincial de Lugo, pola que se fai pública a solicitude para que se declare a necesidade de ocupar bens e dereitos afectados pola instalación dunha liña de baixa tensión no barrio de Galdar, parroquia de Saavedra, municipio de Begonte.

157

ren os seus bens».

—Na medida en que o texto o permite, determinadas expresións de masculino xenérico transfórmanse en expresións non marcadas, para evitar no posible o que poidan ser manifestacións sexistas da linguaxe (así, no canto de «os interesados» traducimos «as persoas interesadas»). A tradución de «propietarios» por «persoas propietarias» seméllanos un tanto forzada, posto que é un substantivo que, pola súa vez, é cualificado por «afectados», co que suporía un recargamento semántico de «persoas». Cabería a posibilidade de traducir por «propietarios e propietarias».

—No plano terminolóxico e fraseolóxico, non é este un texto que presente excesivos tecnicismos, aínda que hai determinadas expresións que remiten ós textos legais que regulan o procedemento en cuestión e que adquiren dentro del matices concretos, polo que en galego se manteñen próximas das expresións da lingua orixinal: «declaración de utilidade pública», «necesidade de ocupar bens e dereitos», «líña de baixa tensión», «expropiación forzosa», «servidume», «indemnización», «formular alegacións»....

—Prefírese traducir *ayuntamiento* por 'municipio' e non por 'concello' por manter unha maior precisión terminolóxica ('municipio' en canto territorio fronte a "concello" como institución que rexe os intereses dun municipio).

—Noutros casos, a solución galega difire da castelá, polo que cómpre unha correcta utilización dos termos galegos, para evitar castelanismos (é o caso de *subsana*, traducido por «rectificar», *párrafo* por «parágrafo», *recabar* por «solicitar»...).